

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada, **Paula Prado del Río**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Comisión, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,10/PNC-000343(3558) sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos problemas de seguridade existentes en Galicia e coa dotación de medios persoais dos corpos da Garda Civil, Policía Nacional e Policía adscrita.

### **Emenda de substitución:**

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a solicitar do Goberno do Estado que proceda a cubrir as vacantes existentes nestes momentos en Galicia nos cadros de persoal da Garda Civil, Policía Nacional e Unidade Policía Adscrita“.

Santiago de Compostela, 02 de Febreiro de 2.017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 02/02/2017 17:22:41**

**Paula Prado Del Río na data 02/02/2017 17:22:55**

## Á Mesa da Comisión 1ª

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular sobre o impulso pola Xunta de Galicia para que se aprobe o Decreto regulador da cooperación para o desenvolvemento (doc. núm. 2594).

### Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

1º) O Parlamento galego insta o Goberno galego a elaborar un proxecto de lei para regular a xestión das axudas por parte das ONGD da cooperación para o desenvolvemento, para a súa posterior presentación e debate no Parlamento de Galicia no primeiro semestre do ano 2017, conforme ao procedemento establecido no capítulo II do Título VI do Regulamento da Cámara; para a súa elaboración contarase coas organizacións e sectores crave en política de cooperación, recollendo as súas suxestións, reivindicacións, e propostas.

2º) O Parlamento galego insta o Goberno galego para que se dirixa ao Goberno central e lle solicite iniciar, dentro do primeiro trimestre do ano, os traballos necesarios para a elaboración do novo Plan director da cooperación española, finalizando a súa redacción dentro do primeiro semestre deste ano, este plan realizarase en estreita colaboración coas organizacións e sectores crave en política de cooperación, recollendo as súas suxestións, reivindicacións e propostas.

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 02/02/2017 18:00:05**



---

**Grupo Parlamentario**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/02/2017 18:00:22**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---